

IDEAS DE ACTIVIDADES PARA FACER NA CASA

1. EXPERIMENTAR COAS TEXTURAS

Experimentar con texturas diferentes como xelatina, areia, arroz, fariña, lentellas, pintura..., é algo que lles gusta moito aos nenos/a. Poden xogar a manipualalos, transvasalos con diferentes utensilios (culleres, vasos, coadores, embudos...), mesturalos con auga, descubrir obxectos ocultos...



2 BOTELLAS SENSORIAIS

Enchemos as botellas con obxectos pequenos que poidamos ter na casa como contas, cascabeis, botóns, pompóns, cintas de cores, etc..

Podemos crear botellas moi variadas como botellas para a discriminación auditiva, coas que podemos facer ritmos diferentes; botellas para a discriminación visual, con auga, colorante alimentario, purpurina...; botellas de líquidos de distinta densidade, con auga, alcohol, aceite, colorantes ou témperas.



3 O ORIGAMI

O origami é unha actividade de orixe xaponés da que disfrutan tanto nenos/as como adultos. Podemos facer multitude de figuras, como por exemplo estas ras saltarinas.



4 PINTURA DE DEDOS

O fingerprint basease en mancharse os dedos con pintura e converter as pegadas que quedan sobre o papel en animais, persoas e todo tipo de deseños.



5 MARIONETAS

Para crear divertidas marionetas só necesitarás pinzas da roupa de madeira, papel, rotuladores de coles, la, calcetíns desemparellados..., e un pouco de imaxinación.




6 MANUALIDADES CON TUBOS DE PAPEL HIXIÉNICO

Cos tubos de papel hixiánico podemos facer moitas manualidades fáciles e bonitas.



7 DESAFÍOS DE CONSTRUCCIÓN

Podes utilizar, a modo de unión entre palillos, tanto nubes de azucre como plastilina.



Tamén con rolos de papel e outros materiais que podemos ter na casa.



8 PROBAR NOVAS FORMAS DE PINTAR

Pintar con xeos, con bastonciños de algodón, con follas, experimentar con pintura metida en bolsas de conxelar.



9 XOGOS DIVERSOS

Podemos entreternos fabricando infinidade de xogos sinxelos. Aí van unhas cantas ideas:




Xogo de puntería





Salto de lonxitude



Labirintos con caixas de cartón ou CD



Facer circuitos con cinta illante para xogar cos coches



Camiños de obstáculos